

PROBAS CERTIFICADOS CELGA.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE.
RESOLUCIÓN do 26 de agosto de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega.

Obxecto.

Convocar as probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de linguagalega Celga 2, 3 e 4 no ano 2021, con código de procedemento administrativo PL500C.

Persoas destinatarias.

As persoas maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.

Datas de realización das probas.

As probas dos distintos niveis Celga terán lugar nos meses de novembro e/ou decembro de 2021, sempre que a evolución da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 o permita. *niveis Celga 2, 3 e 4, no ano 2021 (código de procedemento PL500C).*

Localidades onde se van realizar as probas e niveis.

As probas realizaranse en Santiago de Compostela e en Ponferrada.

Santiago de Compostela Celga 2 Celga 3 Celga 4

Ponferrada Celga 2 Celga 3 Celga 4

As sedes e horarios para a realización das probas publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes definitivas das persoas admitidas

Presentación de solicitudes e prazo.

O prazo de presentación das solicitudes, así como o de pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame, será de quince días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Taxas de exame.

A tramitación do pagamento da taxa poderá efectuarse por vía telemática ou presencial:

Se se tramita de modo telemático, accederase á Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.>

[atriga.gal/](https://ovt.atriga.gal/)) e efectuarase o pagamento mediante tarxeta ou cargo na conta.

Se se tramita de modo presencial, obterase un modelo de autoliquidación de taxas que

pode descargarse en branco da Oficina Virtual Tributaria para cubrir á man ou ben imprimiloxa cuberto grazas á aplicación, e presentarse nunha entidade financeira colaboradora.

Mais información:

DOG Núm. 176 Luns, 13 de setembro de 2021.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210913/AnuncioG0598-260821-0001_gl.pdf.